

Procedemento para cursar as materias de Biología e/ou Xeoloxía de 2º Bacharelato sen ter cursada a materia de Biología e Xeoloxía de 1º Bacharelato

1.– Consideracións legais:

Artigo 32 da Resolución do 26 de maio de 2022

RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

Artigo 32. Elección no segundo curso de materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso

1. O alumnado poderá cursar en segundo materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro. Neste caso, **o alumnado deberá acreditar os coñecementos da correspondente materia do primeiro curso.**

Esta acreditación poderase realizar:

a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.

b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso deberá adoptarse segundo **criterios obxectivos e avaliábeis**, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. **O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.**

A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Deixarase constancia desta circunstancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

2. No caso de cursar simultaneamente as materias de primeiro e de segundo, a materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que a alumna ou o alumno promocionou ao segundo curso.

Nestes casos a materia de primeiro tratarase de forma análoga ás pendentes e o departamento didáctico que a imparte propondrá un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

2.– Procedemento para conseguir a acreditación na materia de Biología e Xeoloxía de 1º de Bacharelato:

O procedemento será o seguinte:


- Realización dun exame escrito entre os días 5 e 6 de setembro (a concretar pola Xefatura de Estudos)

- Os contidos do exame serán os mínimos exixibles para a materia de Biología e Xeoloxía de 1º Bacharelato.

- Para a preparación desta proba o alumnado poderá orientarse en base ás preguntas que aparecen a continuación.

- No caso de non presentarse a esta proba ou de non superala, o alumno ou alumna levará esta materia como pendente.

1.- Completa este esquema dun corte da Terra segundo o modelo xeoquímico con profundidades, nomes das capas, discontinuidades e composición de cada capa:



2.- Características dos distintos tipos de ondas sísmicas.

3.- Isomorfismo e polimorfismo.

4.- Estrutura básica dos silicatos. Tipos e exemplos.

5.- Definición de mineral.


6.- Definición de magma. Formación dun magma. Tipos de magmas. Tipos de rochas magmáticas, características e exemplos.

7.- Causas do metamorfismo. Tipos de metamorfismo, efecto do metamorfismo nas rochas e exemplos de rochas metamórficas.

8.- Tipos de meteorización. Proceso formador de rochas sedimentarias. Tipos de rochas sedimentarias e exemplos. Formación do carbón e petróleo.

9.- Tipos de pregues e fallas.

10.- Realizar a historia xeolóxica dun corte xeolóxico e indicar o tipo de fallas que aparecen no corte, coma por exemplo:



11.- Teoría da deriva continental. Enunciado e probas.

12.- Definición de placa da litosfera. Tipos de bordos de placas, estrutura, procesos e exemplos .Por que se moven as placas?

13.- Propiedades, estrutura e funcións da auga.

14.- Enlace O-glicosídico, enlace peptídico.

15.- Estrutura e funcións das proteínas.

16.- Tipo de molécula, función e localización de diferentes glúcidos, lípidos, e proteínas por exemplo:

- A. Glicóxeno
- B. Quitina
- C. Terpenos
- D. Colesterol
- E. Fosfolípido
- F. Graxa

17.- Estrutura e composición do ADN. Composición e tipos de ARN coa función que desempeñan.

18.- Explicar a duplicación do ADN e para que se realiza.

19.- Explicar a síntese das proteínas.

20.- Sabendo que a secuencia de bases nitrogenadas dunha cadea de dobre hélice do ADN é a seguinte : GCTATGACTC-GATTA. Escribe as bases da cadea complementaria, as bases do ARNm formado e a proteína que codificará este ADN utilizando o código xenético. Indica tamén o nome dos procesos implicados e onde se realizan.

		Segunda letra					
		U	C	A	G		
Primera letra	U	UUU } Phe UUC } UUA } Leu UUG }	UCU } UCC } Ser UCA } UCG }	UAU } Tyr UAC } UAA Stop UAG Stop	UGU } Cys UGC } UGA Stop UGG } Trp	U C A G	
	C	CUU } CUC } Leu CUA } CUG }	CCU } CCC } Pro CCA } CCG }	CAU } His CAC } CAA } Gln CAG }	CGU } CGC } Arg CGA } CGG }	U C A G	
	A	AUU } AUC } Ile AUA } AUG Met	ACU } ACC } Thr ACA } ACG }	AAU } Asn AAC } AAA } Lys AAG }	AGU } Ser AGC } AGA } Arg AGG }	U C A G	
	G	GUU } GUC } Val GUA } GUG }	GCU } GCC } Ala GCA } GCG }	GAU } Asp GAC } GAA } Glu GAG }	GGU } GGC } Gly GGA } GGG }	U C A G	

21.- Estrutura e replicación dos virus.

22.- Estrutura dunha célula procariota, eucariota animal e eucariota vexetal. Recoñecer os orgánulos nun debuxo e saber as funcións de cada un deles.

23.- Saber funcións e debuxo dos seguintes orgánulos, indicando en que tipo de células se encontran cada un deles:

- mitocondrias
- aparello de Golgi
- ribosomas
- centríolos

24.- Explicar a mitose para unha célula con 2 parellas de cromosomas, por exemplo, indicando que sucede en cada unha das fases. Explica a citocinese.

25.- Función e pasos principais da meiose.

26.- Da fotosíntese: Fórmula xeral. Onde se realiza. Momento do día. Explicar un resumo de cada fase.

27.- Explicar a respiración celular e as fermentacións.

28.- Características dos 5 reinos de seres vivos.

29.- Principais características dos grupos animais e vexetais.

30.- Saber clasificar organismos, coma por exemplo:

A- Bacteria causante do cólera

B- Medusa

C- Piñeiro

D- Abella

E- Estrelamar

F- Crocodilo

G- Lévedo do pan

H- Anaconda

I- Champiñón

K- Balea

L- Camarón

M- Anémona

31.- Explicar as principais teorías evolutivas: Lamarkismo, Darwinismo e Neodarwinismo.

32.- Explicar as características dos distintos tipos de alimentación e de aparatos dixestivos utilizados polos distintos grupos animais.

33.- Explicar as características dos distintos tipos de intercambio de gases e de aparatos respiratorios utilizados polos distintos grupos animais.

34.- Explicar as características dos distintos tipos de excreción, as substancias excretadas, e os aparatos excretores utilizados polos distintos grupos animais.

35.- Explicar as características dos distintos mecanismos de transporte de substancias polo corpo dos animais, os tipos de fluídos circulatorios, de aparatos circulatorios e de corazóns utilizados polos distintos grupos animais

36.- Contestar preguntas coma, por exemplo :

A) Sistema circulatorio dun peixe, dun anfibio, dun insecto...

B) Sistema excretor dunha abella, dun anélido, dunha gaivota...

C) Respiración dunha pomba, dun peixe óseo, dun grilo...

D) Dixestión dun ruminante.